

PROXECTO “INTERCAMBIO DE LIBROS DE TEXTO”

Este proxecto nace no ano 2013 como resposta á situación económica actual, aportando grandes beneficios ás familias e alumnos, tales como o aforro de custos, a optimización da reciclaxe e a mellora na xestión de recursos. É un proxecto que nos axuda a educar aos nosos fillos e fillas no coidado das cousas e na responsabilidade sen esquecer que promove tamén a colaboración entre nenos e nenas, familias e profesores, a solidariedade, o compañeirismo, o altruísmo e o compromiso social.

O proxecto dásele continuidade para o **curso 2014-2015** para os cursos de **primaria**, co obxectivo de continuar no tempo para que se poidan beneficiar o maior número de persoas posibles.

Os libros que forman parte desta iniciativa son os catalogados como reutilizables, quedando por tanto fora do programa libros de exercicios / workbooks, dicionarios e libros de lectura.

Aquelas familias que desexen participar deberán entregar na Biblioteca Municipal os libros de texto do curso que non precisen. Ao facer a entrega, facilitaráselle un formulario para completar cos seus datos persoais, as materias ás que pertencen os libros que aportan para intercambiar e os libros que esperan recibir a cambio, ao mesmo tempo entregaráselle un vale por cada libro cedido que poderán cambiar polos libros que precisan; estes vales terán unha validez de dous anos, caducando tras este período.


Tamén poderán participar no proxecto familias cedendo libros que os seus fillos ou fillas xa non van precisar sen levar ningún a cambio.

Os libros recibidos repartiranse entre as familias tendo preferencia aquelas que traian libros para intercambiar e segundo a orde de participación no proxecto.

Claves para que funcione o proxecto

- Polos libros depositados e retirados neste proxecto non se pagará nin cobrará cantidade económica algunha.
- Os libros non deben estar subliñados, nin escritos, nin lle poden faltar páxinas.
- Os libros deberán estar forrados, os que non o estean serán forrados pola organización con plástico non adhesivo.
- O nome do alumno ou alumna que se acolla ao proxecto, deberá estar escrito nunha etiqueta adhesiva pegada ao forro, nunca no interior nin directamente na cuberta do libro.
- No caso de perda ou desperfecto dalgún ou varios libros, a familia non poderá participar en próximas convocatorias do proxecto intercambio de libros de texto.
- Os libros deben ser de edicións vixentes, é dicir, con non mais de catro anos de antigüidade.
- Os libros deberán ser entregados ao finalizar o curso escolar.
- A base de datos do rexistro dos libros terá carácter público, podendo ser consultada por todo usuario do programa.

FUNCIONAMENTO DO PROXECTO



Prazos para participar no proxecto:

Recibiranse os libros de texto das familias interesadas en participar no proxecto, desde o **23 de xuño** ata o **14 de agosto**

As notificacións ás familias dos libros que poden recibir en préstamo faranse, do **18 ao 29 de agosto**

Recolleranse os libros de préstamo do **1 ao 8 de setembro** ambos inclusive

Os libros devolveranse antes do **30 de xuño de 2015**